

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE SETEMBRO DE 2016**



ÍNDICE

| | | |
|------|---|----|
| 1 | INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2 | DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES | 4 |
| 3 | ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA | 5 |
| 4 | RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. | 7 |
| 5 | TEMPERATURA | 11 |
| 5.1. | Temperatura media das máximas. | 11 |
| 5.2. | Temperatura media das mínimas. | 12 |
| 5.3. | Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010..... | 13 |
| 5.4. | Evolución da temperatura media no período 1961-2016..... | 17 |
| 6 | PRECIPITACIÓN | 19 |
| 6.1. | Precipitación acumulada mensual Setembro2016..... | 19 |
| 6.2. | Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. | 20 |
| 6.3. | Días de chuvia en setembro de 2016 | 21 |
| 6.4. | Evolución da precipitación en setembro de 2016 | 23 |
| 7 | VENTO | 24 |
| 8 | RADIACIÓN SOLAR | 28 |
| 8.1. | Mapa de irradiación solar mensual..... | 28 |
| 8.2. | Anomalía de insolación con respecto ó valor normal | 29 |
| 9 | RAIOS..... | 30 |

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 18-10-2016



Mes cálido e con precipitacións normais concentradas en dous episodios.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

| Percentil | Categoría |
|-----------------------|------------------------|
| < mínimo en 1981-2010 | Extremadamente frío |
| Entre 5% e 20% | Moi frío |
| Entre 20% e 40% | Frío |
| Entre 40% e 60% | Normal |
| Entre 60% e 80% | Cálido |
| Entre 80% e 95% | Moi cálido |
| >máximo en 1981-2010 | Extremadamente cálido. |

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

| Percentil | Categoría |
|-----------------------|------------------------|
| < mínimo en 1981-2010 | Extremadamente seco |
| Entre 5% e 20% | Moi seco |
| Entre 20% e 40% | Seco |
| Entre 40% e 60% | Normal |
| Entre 60% e 80% | Húmido |
| Entre 80% e 95% | Moi Húmido |
| >máximo en 1981-2010 | Extremadamente Húmido. |

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro estivo novamente caracterizado polas situacións anticiclónicas, con dous episodios concretos de chuvia a mediados e finais do mes que deixaron cantidades suficientes como para considerar o mes como normal en canto a precipitación.

O mes comezou cunha destas situación anticiclónicas entre o día 1 e o día 6. As altas presións dese episodio non soamente deixaron ceos despexados senón que foron achegando aire cálido procedente do norte de África. En xeral as temperaturas máximas foron moi elevadas, con avisos por temperaturas extremas en moitos puntos da Comunidade entre o día 2 e o día 6. Precisamente neste último día do episodio, foi cando se acadaron os valores máis elevados, posto que un centro de baixas presións no Atlántico aínda non nos afectaba, pero si contribuíu a que os ventos cambiasen a sur e chegase polo tanto máis aire cálido. Neste día se superaron en moitos lugares os 40°C, constituíndo os valores máis altos da serie histórica en setembro en puntos como Santiago de Compostela.

Entre as xornadas do 7 e o 11 a situación sinóptica foi intermedia entre as altas e as baixas presións, con entrada de aire marítimo máis fresco e húmido que o de anteriores episodios. A actividade das baixas presións non foi suficiente como para aportar precipitación, pero si para deixar ceos parcialmente anubrados e unha importante corrección á baixa dos valores máximos.

Sen embargo, as baixas presións foron gañando forza e predominaron entre os días 12 e 16, sendo especialmente activas estas baixas presións nas xornadas do 12, 13 e 14. Durante o día 12 unha fronte moi activa achegouse a Galicia, que durante a tarde-noite dese día e a madrugada do día 13 deixaba importantes e significativas precipitacións en toda a Comunidade, superándose en moitos puntos o límite dos 40 L/m² en 12 horas nese episodio e mesmo os 80 L/m² en zonas da provincia de Pontevedra.

Os tres días seguintes, tanto o 14 como o 15 rexistramos un predominio de ceos anubrados e chuvias intermitentes, aínda que non tan cuantiosas como nos dous días anteriores. O día 16 foi de transición, con chuvias moi escasas e tendencia cara a apertura de claros e, a partir do 17, comezou outro período anticiclónico que se estendeu ata o 23.

Estas altas presións estiveron localizadas entre Azores e a península Ibérica, polo que os ventos sopraron en xeral de compoñente norte e a masa de aire non foi cálida. Isto deixou 7



días de tempo seco, moi soleado polas tardes, aínda que algo máis frío e con néboas no interior durante as mañás.

Nos derradeiros 7 días do mes o tempo foi algo máis cambiante, xa que o 24, nas últimas horas, pasaba unha fronte activa que deixaba chuvia xeneralizada e descenso da temperatura máxima.

O día 25 foi de transición, con ceo parcialmente anubrado pola mañá e apertura de grandes claros pola tarde, unha situación de tempo seco e estable que continuou nos seguintes días, ata o 29, cun ascenso de temperatura nas xornadas do 28 e 29 cando se superaron os 30°C en puntos do interior.

Sen embargo o día 30 tivemos a entrada de aire frío que deixaba un novo descenso de temperatura e algunhas precipitacións na metade oeste.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalía de presión tanto en superficie (figura 1) como en altura (figura 2) pódese apreciar con claridade a presenza de presións máis altas do normal en Europa, centrándose a anomalía na zona do Báltico, pero estendéndose tamén cara á península Ibérica. Isto explica a escaseza de sistemas frontais chegando a Galicia, aínda que un deles a mediados do mes foi moi activo, e a persistencia de días despexados que propiciaron que as temperaturas fosen algo máis elevadas do normal en setembro.



Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Setembro 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Setembro 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

| | SETEMBRO 2016 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|----------------------------|--------------------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| | CTH/CEC | | | |
| Tª media | 18.1/18.7 | 18.5 | 20.6 (2014) | 15.7 (1952) |
| Tª mínima media | 15.3/15.3 | 15.2 | 17.1 (2014) | 12.2 (1952) |
| Tª mínima absoluta | 12.4/12.5 (día 21) | 5.2 (20/09/1938) | | |
| Tª mínima máis alta | 17.8/17.8 (día 10) | 20.6 (28/09/1990) | | |
| Tª máxima media | 20.8/22.0 | 21.8 | 23.4 (1987) | 19.1 (1952) |
| Tª máxima absoluta | 26.7 (día 12)/ 28.0 (día 6) | 31.4 (22/09/2013) | | |
| Tª máxima máis baixa | 17.7/17.6 (día 14) | 15.2 (01/09/1956) | | |
| Precipitación acumulada | 97 | 57-113 | 258 (1932) | 3 (1997) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 6 | 8 | 19 (1933) | 1 (1985) |

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada tamén está dentro do rango de valores normais, sen embargo, o número de días de chuvia é inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016

SANTIAGO

| | SETEMBRO 2016 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| | | | | |
| Tª media | 19.0 | 18.3 | 21.8 (1985) | 15.9 (1993) |
| Tª mínima media | 15.0 | 13.7 | 15.0 (2014) | 11.8 (1996) |
| Tª mínima absoluta | 10.9 (día 14) | 3.6 (30/09/1982) | | |
| Tª mínima máis alta | 23.3 (día 6) | 20.6 (05/09/2006) | | |
| Tª máxima media | 24.9 | 23.5 | 28.6 (1985) | 19.9 (1993) |
| Tª máxima absoluta | 40.0 (día 6) | 38.4 (05/09/2006) | | |
| Tª máxima máis baixa | 16.5 (día 14) | 12.5 (19/09/2000) | | |
| Precipitación acumulada | 63 | 56-105 | 263 (1999) | 7 (1989) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 4 | 8 | 17 (1993) | 1 (2007) |

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura media pero moi cálido para as mínimas e as máximas. Neste mes, acadáronse tres efemérides, que se mostran na táboa en negra.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Porén, o número de días de chuvia é a metade do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016



LUGO

| | SETEMBRO 2016 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 18.4 | 17.1 | 20.4 (1987) | 14.0 (1995) |
| Tª mínima media | 11.4 | 11.0 | 13.9 (1991) | 8.8 (1989) |
| Tª mínima absoluta | 6.4 (día 18) | 1.0 (28/09/1993) | | |
| Tª mínima máis alta | 15.9 (día 2) | 18.0 (01/09/1999) | | |
| Tª máxima media | 25.4 | 23.2 | 27.8 (1987) | 18.9 (1995) |
| Tª máxima absoluta | 39.4 (día 6) | 38.5 (05/09/2006) | | |
| Tª máxima máis baixa | 14.0 (día 14) | 13.0 (27/09/1992) | | |
| Precipitación acumulada | 50 | 42-66 | 137 (1986) | 0 (1985)) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 3 | 7 | 16 (1995) | 2 (1988) |

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as máximas e as medias, e cálido para as mínimas. Destaca a temperatura máxima absoluta, que acadou o valor máis alto da serie. A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais. Sen embargo, obsérvase que o número de días de chuvia é moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

| | SETEMBRO 2016 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 19.2 | 18.7 | 20.6 (2013) | 15.8 (1974) |
| Tª mínima media | 13.6 | 13.0 | 14.9 (1959) | 10.1 (1963) |
| Tª mínima absoluta | 10.6 (día 9) | 3.7 (29/09/1974) | | |
| Tª mínima máis alta | 16.7 (día 7) | 19.0 (24/09/1968) | | |
| Tª máxima media | 24.9 | 24.3 | 27.5 (1985) | 20.7 (1974) |
| Tª máxima absoluta | 30.0 (día 6) | 34.9 (06/09/1970) | | |
| Tª máxima máis baixa | 18.8 (día 14) | 13.4 (16/09/1962) | | |
| Precipitación acumulada | 72 | 74-107 | 268 (1967) | 4 (1989) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 4 | 8 | 18 (1968) | 1 (1988) |

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas. A precipitación rexistrada está moi preto da normalidade, mentres que o número de días de chuvia foi a metade do valor climático agardado para esta variable.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016



OURENSE

| | SETEMBRO 2016 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 20.9 | 20.0 | 22.4 (1985) | 16.7 (1974) |
| Tª mínima media | 12.7 | 12.3 | 14.8 (1981) | 9.7 (1974) |
| Tª mínima absoluta | 9.3 (día 26) | 3.0 (29/09/1974) | | |
| Tª mínima máis alta | 17.5 (día 11) | 21.0 (18/09/1981) | | |
| Tª máxima media | 29.0 | 27.5 | 31.9 (1985) | 23.1 (1993) |
| Tª máxima absoluta | 41.6 (día 6) | 41.1 (05/09/2006) | | |
| Tª máxima máis baixa | 17.5 (día 14) | 15.4 (25/09/1994) | | |
| Precipitación acumulada | 35 | 29-67 | 227 (1999) | 3 (2009) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 3 | 6 | 12 (1993) | 1 (2009) |

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e as medias, mentres que para a temperatura mínima o mes resultou normal. Destaca a temperatura máxima absoluta que acadou a efeméride máxima da serie.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, mentres que o número de días de chuvia é tan só a metade do valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2016*



5 TEMPERATURA

O mes pódese considerar en xeral cálido, sendo as diferenzas con respecto á climatoloxía algo máis notables nos valores máximos, debido principalmente ás elevadas temperaturas do episodio de principios do mes e a escaseza de días de frío, tendo novamente un reponte importante as temperaturas no derradeiro episodio anticiclónico os días 28 e 29. No caso dos valores mínimos, a diferenza non é tan importante xa que as xornadas de ceo despexado deixaron temperaturas baixas nas madrugadas, principalmente na segunda quincena do mes.

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 23.8 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na zona do cabo Ortegal e na alta montaña ourensá, con valores próximos aos 15 °C. Os valores máis altos (preto dos 30 °C) rexistráronse principalmente no Miño Ourenzá, na zona de Verín, comarca de Valdeorras e na comarca de O Condado.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2016.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 11.6 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia cun valor moi próximo aos 5 °C e os máis altos en todo o litoral, pero especialmente na comarca de Vigo, con valores por riba dos 15°C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2016.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de setembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, presentou unha anomalía de 1.2 °C. Como se pode ver no mapa da figura 3, houbo un gran contraste entre o litoral da provincia de A Coruña con anomalías que resultaron negativas próximas a -0.6 °C e o resto da Comunidade. O vento de nordés, que afectou a estas zonas principalmente o día máis caloroso do mes, impediu que a masa de aire cálido africano chegase a estas zonas. En canto as anomalías máis altas, destaca principalmente a Comarca de Vigo e O Baixo Miño, con valores entorno aos 3 °C de anomalía positiva.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de setembro respecto al período 1981-2010.



A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente na comarca de Vigo e o Baixo Miño e na Comarca de Viana en Ourense.

| Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media | | |
|--|------------|---------------|
| con respecto ao período 1981-2010 | | |
| Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Gondomar | Pontevedra | 2.4 |
| Triacastela | Lugo | 2.4 |
| Vilardevós | Ourense | 2.3 |
| Esgos | Ourense | 2.3 |
| Mezquita (A) | Ourense | 2.3 |
| Gudiña (A) | Ourense | 2.3 |
| Castrelo do Val | Ourense | 2.2 |
| Riós | Ourense | 2.2 |
| Tui | Pontevedra | 2.2 |
| Pedrafitas do Cebreiro | Lugo | 2.1 |

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de setembro de 2016.

| Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media | | |
|---|-----------|---------------|
| con respecto ao período 1981-2010 | | |
| Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Coruña (A) | A Coruña | -0.4 |
| Camariñas | A Coruña | -0.4 |
| Ponteceso | A Coruña | -0.3 |
| Fisterra | A Coruña | -0.3 |
| Muxía | A Coruña | -0.2 |
| Laxe | A Coruña | -0.2 |
| Cabana de Bergantiños | A Coruña | -0.2 |
| Malpica de Bergantiños | A Coruña | -0.2 |
| Arteixo | A Coruña | -0.1 |
| Cee | A Coruña | -0.1 |

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de setembro de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. As comarcas de A Coruña e Bergantiños resultaron lixeiramente frías.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada máis calorosa tendo en conta ambas altitudes foi a do 6, onde en moitas localidades se superaron os 30°C.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2016 | | | | |
|---|-------------------|--------------------------|------------------|----------------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 06/09/2016 | Cequeliños | Arbo | Pontevedra | 42.0 |
| 06/09/2016 | San Clodio | Ribas de Sil | Lugo | 41.9 |
| 06/09/2016 | EVEGA Leiro | Leiro | Ourense | 41.9 |
| 06/09/2016 | Remuíño | Arnoia | Ourense | 41.7 |
| 06/09/2016 | Ourense | Ourense | Ourense | 41.6 |
| 06/09/2016 | Ourense-Estacións | Ourense | Ourense | 41.2 |
| 06/09/2016 | Sergude | Boqueixón | A Coruña | 40.3 |
| 06/09/2016 | Míllara | Ferreira de Pantón | Lugo | 40.3 |
| 06/09/2016 | A Portela | Vilamartín de Valdeorras | Ourense | 40.2 |
| 06/09/2016 | Xabrega | Sober | Lugo | 40.2 |

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2016 a altitude menor de 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2016 | | | | |
|---|-----------------|--------------------------|------------------|----------------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 06/09/2016 | A Mezquita | A Mezquita | Ourense | 34.8 |
| 06/09/2016 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | 34.7 |
| 06/09/2016 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 34.5 |
| 06/09/2016 | Corzos | A Veiga | Ourense | 33.9 |
| 06/09/2016 | O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 33.5 |
| 06/09/2016 | Xurés | Muiños | Ourense | 33.4 |
| 06/09/2016 | Serra do Eixe | O Barco de Valdeorras | Ourense | 32.8 |
| 06/09/2016 | Ancares | Cervantes | Lugo | 32.6 |
| 06/09/2016 | Alto do Poio | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 31.5 |
| 06/09/2016 | Casaio | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 31.3 |

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2016 a altitude setembro de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Por enriba dos 1000m destaca a xornada do 14 e por debaixo as do 18 e 19.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2016 | | | | |
|---|---------------------|--------------------------|-----------|---------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 14/09/2016 | Xares | A Veiga | Ourense | 0.6 |
| 14/09/2016 | Cabeza de Manzaneda | Manzaneda | Ourense | 0.9 |
| 14/09/2016 | Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 1.7 |
| 14/09/2016 | O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 3.6 |
| 14/09/2016 | Ancares | Cervantes | Lugo | 3.7 |
| 14/09/2016 | Alto do Poio | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 3.8 |
| 26/09/2016 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | 4.1 |
| 22/09/2016 | Corzos | A Veiga | Ourense | 4.2 |
| 14/09/2016 | Serra do Eixe | O Barco de Valdeorras | Ourense | 4.7 |
| 14/09/2016 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 5.6 |

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2016 altitude superior a 1000 m.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2016 | | | | |
|---|-----------------|------------------|------------|---------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 21/09/2016 | Calvos | Calvos de Randín | Ourense | -0.5 |
| 18/09/2016 | Baltar | Baltar | Ourense | 0.5 |
| 18/09/2016 | Mouriscade | Lalín | Pontevedra | 1.8 |
| 09/09/2016 | Lanzós | Vilalba | Lugo | 2.4 |
| 19/09/2016 | Xinzo | Xinzo de Limia | Ourense | 3.6 |
| 19/09/2016 | Verín-Vilela | Verín | Ourense | 4.0 |
| 19/09/2016 | Ventosa | Navia de Suarna | Lugo | 4.2 |
| 18/09/2016 | Alto do Rodicio | Maceda | Ourense | 4.7 |
| 18/09/2016 | Portomarín | Portomarín | Lugo | 5.0 |
| 19/09/2016 | Monte Medo | Baños de Molgas | Ourense | 5.1 |

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016 para esta serie foi 18.7 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.7 °C e fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. O ano máis próximo cunha anomalía claramente superior foi o ano 2014.

A descrición do mes para a temperatura media como cálida debeuse as máximas acadadas nos períodos indicados, principalmente na xornada do día 6, cunha anomalía positiva para a serie rexional de 1.15 °C, resultando un mes moi cálido nesta variable. As mínimas, sen embargo, presentaron unha anomalía de tan só 0.15°C resultando o mes normal.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

Aínda que o número de días de chuvia foi escaso a cantidade de precipitación estivo en xeral moi preto do normal, debido principalmente ao sistema frontal que pasaba na tarde-noite do día 12 e na madrugada do 13, que en moitos lugares xa explicaba máis da metade da chuvia que normalmente caería en todo o mes. A inestabilidade dos días 14 e 15 e a fronte do día 24 completaron as cantidades para acadar os valores normais nun mes de setembro.

A chuvia media no mes de setembro obtida a partir dos valores do mapa foi de 70 L/m². Foron moi significativos os valores mensuais acadados nas comarcas de Ortegal e a Mariña occidental, onde por exemplo, Serra da Faladoria rexistrou 135 L/m². Os valores máis baixos déronse no sur das provincias de Lugo e Ourense e na Comarca de Valdeorras, con valores próximos os 22 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual Setembro2016




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2016.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Fonsagrada, con valores de 121% por riba do normal, pero tamén é destacable a Comarca da Coruña e o norte da Mariña Luguesa que presentaron máis do 80% por riba do normal para estas rexións. Isto co sueste da Comunidade, onde por exemplo, nas comarcas de Viana e Verín choveu un na que choveu ata un 79% menos do normal. Así o conxunto da Comunidade presentou unha anomalía moi próxima á normalidade.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2016.



6.3. Días de chuvia en setembro de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 5.2. Os valores máximos obtivéronse principalmente nas comarcas de Ferrol e Ortegal, onde se rexistraron nalgúns casos máis de 10 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse principalmente no interior e na meirande parte da provincia de Ourense, onde algunhas localidades estiveron preto dos 2 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de setembro de 2016.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de setembro. Os rexistros máis altos de precipitación déronse na xornada do 12, na que se rexistraron valores de precipitación que representaron unha gran porcentaxe do valor mensual acumulado en moitas localidades.

| Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2016 | | | |
|--|-----------------|------------------|---------------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m²) |
| Serra da Faladoira | Ortigueira | A Coruña | 134 |
| Louredo | Mos | Pontevedra | 128 |
| Borreiros | Viveiro | Lugo | 120 |
| CIS Ferrol | Ferrol | A Coruña | 116 |
| O Val | Narón | A Coruña | 115 |
| Aldea Nova | Narón | A Coruña | 113 |
| Guísamo | Bergondo | A Coruña | 112 |
| Cariño | Cariño | A Coruña | 111 |
| Vigo-Campus | Vigo | Pontevedra | 109 |
| Marco da Curra | Monfero | A Coruña | 107 |

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2016.

| Precipitacións máximas en 24 horas (L/m²) | | | | |
|---|-----------------|------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m²) | Instante de inicio (UTC) |
| Louredo | Mos | Pontevedra | 90 | 12/09/2016 20:00 |
| VCampus | Vigo | Pontevedra | 82 | 12/09/2016 9:30 |
| AsEiras | O Rosal | Pontevedra | 80 | 12/09/2016 7:10 |
| OViso | Redondela | Pontevedra | 74 | 12/09/2016 7:30 |
| PCaldelas | Ponte Caldelas | Pontevedra | 74 | 12/09/2016 20:00 |
| Areas | Tui | Pontevedra | 72 | 12/09/2016 8:30 |
| Soutomaior | Soutomaior | Pontevedra | 72 | 12/09/2016 6:50 |
| Cespón | Boiro | A Coruña | 72 | 12/09/2016 5:40 |
| Pontevedra | Pontevedra | Pontevedra | 69 | 12/09/2016 19:40 |
| Costa | Roís | A Coruña | 67 | 12/09/2016 19:40 |

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2016.



6.4. Evolución da precipitación en setembro de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 71 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para setembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 10 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse dentro da normalidade. Esta anomalía foi superior á derradeira anomalía negativa acadada en 2012.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Neste mes de setembro non houbo ningunha estación que rexistrase valores de refacho máximo de vento por riba dos 100 km/h, se ben nas xornadas do 12, 13, 14 e 24, en moitas localidades superáronse os 70 km/h, considerados ventos moi fortes segundo a escala Beaufort.

Como se pode observar nas táboas 10, 11, 12 e 13, a porcentaxe de calmas é moi elevada en practicamente tódalas estacións.

| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Lira | Carnota | 90 | NE | 24 | | |
| | | Día 24 | | | | |
| Pta. Candieira | Cedeira | 84.72 | NE | 19 | | |
| | | Día 14 | | | | |
| Malpica | Malpica | 69.9 | E | 12 | | |
| | | Día 24 | | | | |



| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Marco da Curra | Monfero | 59.4 | NE | 11 | | |
| | | Día 24 | | | | |

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Setembro de 2016 na provincia de A Coruña.

| PROVINCIA DE LUGO | | | | | | |
|-------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Burela | Burela | 59.0 | E | 20 | | |
| | | Día 15 | | | | |
| Ancares | Cervantes | 71.0 | S | 14 | | |
| | | Día 12 | | | | |

Táboa 11: Resumo vento no mes de Setembro de 2016 na provincia de Lugo





| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Xurés | Muiños | 61.0 | O | 11 | | |
| | | Día 13 | | | | |
| Rodicio | Maceda | 55.6 | NE | 20 | | |
| | | Día 12 | | | | |
| Gandarela | Celanova | 46.6 | NO | 50 | | |
| | | Día 13 | | | | |

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Setembro de 2016 na provincia de Ourense.

| PROVINCIA DE PONTEVEDRA | | | | | | |
|-------------------------|--------------------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Fornelos | Fornelos de Montes | 56.2 | S | 18 | | |
| | | Día 24 | | | | |




